



NOTA DE PRENSA 22 de outubro 2021

Finaliza a vendima na D.O. Ribeira Sacra mentres as adegas embotellan ao ritmo de antes da pandemia

A data 20 de outubro recolléronse na **D.O. Ribeira Sacra 6.545.331 quilos de uva**. Finaliza a vendima case dúas semanas máis tarde que o ano pasado e despois de iniciarse oficialmente o 16 de setembro, aínda que algunhas adegas comezaban coa recollida de uva a finais de agosto. **93 adegas** vendimaron esta campaña ao amparo da D.O. Ribeira Sacra lanzando as seguintes cantidades por variedade de uva:

Variedades tintas

- **Mencia 5.231.856 quilos**
- Garnacha 248.895 quilos
- Sousón 100.964 quilos
- Merenzao 59.127 quilos
- Brancellao 62.418 quilos
- Tempranillo 32.565 quilos
- Caíño tinto 32.576 quilos
- Mouratón 9.200 quilos
- Grao Negro 638 quilos

Variedades brancas

- **Godello 589.566 quilos**
- Albariño 96.873 quilos
- Treixadura 60.895 quilos
- Dona Branca 7.346 quilos
- Branco Lexítimo 4.614 quilos
- Loureira 4.371 quilos
- Torrontés 3.327 quilos

O ano pasado a climatoloxía converteuno nun ano complicado para a viña, pero neste 2021 a climatoloxía foi mellor do previsto e a campaña péchase segundo o esperado, como asegura o **Presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, José Manuel Rodríguez**, *"Cumpríronse as expectativas de superar os 6 millóns de quilos. A uva entrou en adegas en boas condicións, con bo grao, na media dos últimos 10 anos. Mantivéronse os prezos, cunha media de 1,60€ para o branco e 1,20€ para o tinto, e recolleuse toda a uva, que iso é importante."*



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 22 de outubro 2021

Co final do estado de alarma sanitaria este sábado, José Manuel Rodríguez repasa como se viviu esta situación na D.O. Ribeira Sacra e no sector, *“Viviuse como unha desas cousas que ninguén espera, un espazo escuro que vén e co que non se conta. Afortunadamente o noso sector pasouno razoablemente ben. As adegas máis grandes foron capaces de seguir estando no mercado e de abrir novos espazos mercantís. Isto fixo que nos dous últimos anos se recolle toda a uva e mesmo subise o seu prezo medio, o que dá unha idea da capacidade de vicultores e adegoeiros para sacar adiante o sector e manterse nunhas condicións sobrevividas moi difíciles.”*

En canto a vendas, José Manuel Rodríguez asegura que se está empezando a recuperar o ritmo de hai 2 anos. Paralelamente estanse empezando a celebrar as feiras nacionais e internacionais co que supoñen de vendas e apertura de novos mercados, *“Estamos a volver ao que estaba en marcha no 2019, antes da pandemia, cando a D.O. Ribeira Sacra estaba a aumentar as vendas e introducíndose máis no mercado. Pasamos ese tempo de pandemia que afectou a todos os sectores e agora vemos que están embotellando ao ritmo de hai 2 anos.”*

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirosacra.org